

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Mocidade

BASES DO XIII CONCURSO LITERARIO ÁNHEL CASAL

1

I

Convócase a XIII Edición do Concurso Literario “Ánxel Casal”.

O Concello de Santiago, atendendo á proposta expresada polo IES Arcebispo Xelmírez I con motivo da celebración do 150º Aniversario da súa fundación, creou no ano 1996 o Concurso Literario Ánxel Casal, nas modalidades de poesía, teatro e conto.

II

A denominación de “Ánxel Casal” para este certame literario provén do recoñecemento a este insigne galerista, que foi tamén alcalde da cidade de Santiago. Esta iniciativa quere expresar o desexo de que os estudantes coñezan e valoren a súa achega á cultura galega e quere ser unha actividade de promoción da lingua galega no constante e necesario proceso de normalización lingüística.

III

O Concello de Santiago convoca este premio e comparte a súa organización cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, atendendo a un desexo de itinerancia na coorganización do mesmo.

IV

Poderán concorrer a este concurso literario, alumnos e alumnas de ensino non universitario de Galicia a partir dos 14 anos.

V

As obras, escritas en lingua galega, serán inéditas e o tema libre.

VI

Os traballos terán un mínimo de 100 versos, na modalidade de poesía e un mínimo de 10 páxinas a dobre espacio, na modalidadae de conto e na de teatro.


VII

A dotación total do premio é de 5.100 euros. Os premios están suxeitos a retención fiscal.

Na modalidade de conto establécese un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo premio de 700 euros.

Na modalidade de poesía establécese un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo premio de 700 euros.

Na modalidade de teatro establécese un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo premio de 700 euros.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Mocidade

BASES DO XIII CONCURSO LITERARIO ÁNHEL CASAL

2

VIII

Os traballos presentados ao concurso non levarán nome do autor ou autora, senón que serán asinados con pseudónimo.

Cada traballo presentado levará adxunto un sobre pechado no que, por fóra, deberá figurar o título do conto, da poesía, ou da peza teatral e por dentro o nome completo do autor/a, enderezo, idade, teléfono, centro no que estudia, título do conto ou poesía e pseudónimo utilizado. Achegarase unha copia do traballo nun CD, formato RTF, acompañando á copia do traballo en papel.

IX

Os traballos presentaranse por correo certificado, polo que toda a documentación citada na base anterior deberá remitirse ao Concello de Santiago, en sobre pechado, facendo constar no seu exterior:

“XIII CONCURSO LITERARIO ÁNHEL CASAL”
Concello de Santiago de Compostela-Departamento de Educación
Praza do Obradoiro, 1- 15.705 Santiago de Compostela

X

A presidencia do xurado será asumida polo Alcalde do Concello de Santiago ou persoa en quen delegue.

A composición do xurado, que non se fará pública ata o día do veredicto, contará cunha representación dos institutos da cidade, unha representación dos creadores de poesía, conto ou teatro e unha representación do Concello de Santiago. Nesta décimo terceira convocatoria, o IES Antón Fraguas forma parte do xurado en calidade de coorganizador do Certame, de acordo coa base terceira do mesmo.

XI

A decisión do xurado, que será inapelable, adoptarase por maioría simple de entre os seus membros. A participación no certame supón a plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá única e exclusivamente a opinión do xurado.

XII

O Concello de Santiago resérvase, durante un ano, os dereitos de publicar as obras premiadas. Neste sentido, os autores renuncian, a favor do Concello de Santiago de Compostela, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor.

XIII

Non se devolverán os traballos non premiados, que serán destruídos cando finalice o certame.

XIV

O prazo de admisión dos traballos finalizará o 25 de marzo de 2008.

XV

A entrega de premios realizarase no mes de maio con motivo do día das Letras Galegas de 2008.